LINGUA GALEGA
6.º de Primaria

1.- Transforma estas oracións poñendo todo en singular. Sigue o modelo resolto e coida a acentuación diacrítica.

Eses rapaces tamén van ás festas.

↓

Ese rapaz tamén vai á festa.

Os meus sobriños veñen visitarme cada semana.

↓

Eses amigos meus son avogados.

↓

Por que non vides nunca a Vigo en tren?

↓

Eles dan diñeiro para calquera acto benéfico.

↓

2.- Completa cada oración poñendo o acento ás palabras que o precisen.

- _____ correndo! Tes que ver o que está pasando. (ven/vén)

- Teño que _____ os libros nas caixas, _____ se veñen os da mudanza. (por/pór)

- Vin unha gaivota que estendía _____ súas _____ e botou a voar. (as/ás)

- Se ti me _____ unha _____ túas, eu douche unha _____ miñas. (dás/das)

- Tedes que _____ portar mellor, senón falareille ao mestre de _____. (vos/vós)

- Agarda _____ da clínica por se _____ necesario que entraras. (fora/fóra)

- _____ que vaiades cedo, antes de que _____ a cea. (cómpre/compre)

- A tenda pechou _____ tarde, porque apareceron _____ clientes dos que pensaban. (máis/mais)

LIVEWORKSHEETS

3.- Completa as oracións coas palabras adecuadas de cada par. Repara no uso do acento diacrítico.

mais - máis

- Necesito ..... fariña. Con esa non chega para facer a empanada.
- Eu cheguei á cita puntual, ... Antón atrasouse media hora.

cha - chá

- Manuel María é, se cadra, o poeta máis recoñecido da Terra ..... .
- Déixame a túa bicicleta, que xa ..... devolvo pola tarde.

presa - présa

- A proxectada construción dunha ..... neste río pon en perigo a flora e a fauna da zona.
- Síntoo, teño moita ..... e, por iso, non podo seguir de parola contigo.

vos - vós

- ..... fostes os responsables do que ocorreu, así que debedes desculparvos.
- Eu xa ..... dixera que esa alfombra era pequena: agora hai que ir devolvela.

se - sé

- ..... volves cedo, aínda poderemos ir ao cine ás oito e media.
- ..... bo e vai axudar a teu pai a limpar os baños.

nos - nós

- Eles xa ..... dixeran que podía chover. Non sei por que non trouxemos os paraugas.
- Creo que esas flores son para ..... , polo noso aniversario de voda.

LIVEWORKSHEETS